- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.

Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.



- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.

De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 03/06/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 03/06/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 16/06/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Salvaterra de Miño* CIF P3605000C a cantidade de 168.582,78 €, con destino ao financiamento do investimento “*Mellora de accesos en Meder, Fiolledo, Leirado e Arantei (Salvaterra de Miño)*” (Expte.2022010641) cun orzamento polo importe de 168.582,78 euros, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	168.582,78	168.582,78	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	168.582,78	168.582,78	0,00	0,00

O orzamento contempla os honorarios de redacción do proxecto por importe de 4.145,47 €.

- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención das autorizacións sectoriais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra, da Axencia Galega de Infraestruturas, da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, da Confederación Hidrográfica Miño-Sil e de Electra Alto Miño Comercializadora de Enerxía, SLU, sendo imprescindible que as remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, xunto coa primeira xustificación da axuda económica concedida.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Salvaterra de Miño deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.



- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21^a.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Salvaterra de Miño*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

11.31887.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE TUI NO MARCO DO PLAN CONCELLOS 2022-2023 LIÑA 1 – INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2022), CON DESTINO AO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “SANEAMENTO E PAVIMENTACIÓN EN SAMBADE A CRUZ, PARROQUIA DE MALVAS, TUI”.
(Expte.2022025071)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26 de novembro de 2021, acordou a aprobación das Bases Reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2022-2023, (en adiante Plan Concellos 2022-2023) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 230 do 27 de novembro de 2021. Desta xeira o Plan Concellos é bienal, se ben segue a estar fornecido por fondos propios da Deputación de Pontevedra con destino á colaboración nas obras e servizos de competencia municipal dos 59 concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia.

Por medio do Plan Concellos dáse cumprimento ao mandato contido no artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), que regula a obriga das deputacións provinciais de aprobar anualmente un plan provincial de cooperación coas obras e servizos de competencia municipal.

O Plan Concellos 2022-2023 mantendo o procedemento de concorrencia non competitiva e as tres liñas mestras como en anos anteriores, na Liña 1 Investimentos dótase de 30.500.000,00 € para o exercicio 2022 e de 30.500.000,00 € para o exercicio 2023, con cargo ás aplicacións orzamentarias 22/942.9425.762.45 e 23/942.0425.762.45 (Plan Concellos 2022-2023).

Mediante Resolución Presidencial nº 2021007177 de data 03/12/2021 aprobáronse as cantidades asignadas a cada concello. Xunto a cantidade que lle corresponde a cada concello no exercicio 2022 e no exercicio 2023, tamén se fai saber a relación de débedas que ten o municipio coa institución provincial na data de publicación das Bases Reguladoras. Esta comunicación ten por obxectivo que as referidas débedas se abonen antes de que se presenten as solicitudes ao abeiro do Plan Concellos,



de xeito que no caso de non terse producido o pagamento, a Deputación de oficio procede á detracción por compensación dos importes debidos, ata extinguir a súa totalidade sobre a cantidade asignada ao exercicio 2022. A contía que resulta despois da detracción de oficio, se reparte entre as tres Liñas subvencionables de acordo coa porcentaxe fixada na Base Reguladora 5ª.

O Plan Concellos aínda que sexa un instrumento de planificación provincial, segue a respectar e garantir a autonomía local xacando no exercicio 2022, lle corresponde a cada concello distribuír libremente as contías individuais respectivas segundo as súas necesidades, con cargo ás distintas liñas de subvención e con respecto aos límites establecidos nestas bases. No exercicio 2023, a contía asignada a cada concello destinarase integramente ao financiamento de investimentos, xa que esta cantidade non se pode aplicar ao financiamento das liñas 2 e 3. Sen prexuízo de realizar investimentos de carácter plurianual a través dos dous exercicios 2022 e 2023 consonte a lexislación orzamentaria.

De acordo coa Base Reguladora 8ª do POS 2022-23, a Liña 1 é de Investimentos, os cales inclúen todas as obras, subministracións, adquisición de bens inmoables e propiedade inmaterial (plans urbanísticos, estudos de planificación estratéxica, plans de mobilidade sostible ...) para actividades e servizos que sexan de competencia municipal.

No marco da citada competencia municipal, a Deputación de Pontevedra tamén é consecuente cos novos postulados dos tempos actuais que lle tocan vivir tanto a cidadanía como ás administracións locais. Emporiso este Plan Concellos non só fai de interacción co Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC) 2021-2030, senón que tamén contribúe e favorece a observancia do principio de non causar un prexuízo significativo ao medio ambiente recollido no artigo 17 do Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020, relativo ás inversións sostibles, e que é de aplicación á todos os plans.

En data 16/02/2022, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do concello de Tui na que solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto, anualidade 2022, unha subvención por importe de 306.476,76 euros, con destino ao financiamento “Ampliación e reforma interior centro cultural As Laxes, Paramos” (expte.2022007960), cun orzamento por importe de 306.476,76 euros. Segundo a documentación existente no expediente, o inmoable no que se pretende realizar o investimento ten o seu uso cedido en precario a unha asociación (Asociación Cultural Laxes); en data 29/03/2022 o Servizo de Cooperación, practica notificación ao Concello de Tui mediante a cal se rexeita a actuación e se lle require a reformulación da solicitude ós efectos de que poida ter encaixe na Plan Concellos 2022-2023.



En data 12/04/2022, consta a entrada no rexistro da Deputación, ao abeiro do Plan Concellos 2022-2023, petición do *Concello de Tui* na que reformula a solicitude e solicita con cargo a cantidade que lle corresponde no reparto unha subvención por importe de 306.476,76 €, con destino ao financiamento do novo investimento denominado “*Saneamento e pavimentación en Sambade A Cruz, parroquia de Malvas, Tui*”, cun orzamento por importe de 306.476,76 €, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	306.476,76	306.476,76	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	306.476,76	306.476,76	0,00	0,00

O orzamento contempla os honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 13.539,27 €.

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 e achega a documentación requirida, contando co informe de supervisión favorable do Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación de data 17/06/2022.

Fundamentación xurídica:

Normativa examinada

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Lei 7/2021, de 20 de maio, de cambio climático e transición enerxética.
- Regulamento UE 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles polo que se modifica o Regulamento UE 2019/2088.



- Regulamento Delegado (UE) da comisión de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852, no cal se establecen os criterios técnicos de selección para determinar as condicións nas que se considera que unha actividade económica contribúe de forma substancial á mitigación do cambio climático ou á adaptación ao mesmo.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan Concellos 2022-2023.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

Consideracións xurídicas:

Instrución do expediente:

- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2022-2023 relativa á instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao Servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización do servizo de intervención.

Petición e evacuación de informes:

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. Do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base Reguladora 16ª do Plan Concellos 2021, que indica que as propostas de concesións de subvencións someteranse á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación, segundo a natureza do investimento, no seu caso, e de fiscalización do Servizo de Intervención. Se algunha solicitude non se axusta a estas Bases Reguladoras, e por esta razón é informada desfavorablemente polos facultativos técnicos de Cooperación ou polo Servizo de Intervención, o Concello poderá presentar unha nova solicitude.



Resolución do expediente:

- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases Reguladoras 1ª e 8ª do Plan Concellos 2022-2023 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Base Reguladora 5ª 7ª do Plan Concellos 2022-2023 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxe e o límite máximo por liña e exercicio, así como os criterios obxectivos de reparto.
- Bases Reguladoras 10ª 1 12ª do Plan Concellos 2022-2023 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.
- Artigo 9 da Carta Europea de Autonomía Local que dispón que na medida do posible, as subvencións concedidas ás entidades locais non han de ser destinadas á financiación de proxectos específicos. A concesión de subvencións non deberá causar prexuízo á liberdade fundamental da política das entidades locais, no seu propio ámbito de competencia.

Da xestión en cernes do ciclo da auga:

- Tanto no momento de ser aprobadas as Bases Reguladoras do Plan Concellos 2022-2023 como no de concesión individual de cadansúa das peticións de subvención ao abeiro do mesmo, continúa pendente a tramitación da lexislación autonómica sobre a xestión integral do ciclo da auga. Unha vez que este texto legal se converta en dereito positivo, sucederá que lle sobrevivirán distintos convenios ou instrumentos de colaboración, que distribuirán as competencias e as obrigas de financiamento entre Augas de Galicia e os distintos concellos que se interesen polo seu asinamento, amais da propia Deputación Provincial.
- De terse subscrito algún daqueles instrumentos de colaboración, de acordo coa Base Reguladora 7ª Bis, o concello interesado haberá de comunicalo a Deputación para esta poida efectuar a retención do importe da achega que por tal concepto lle corresponde ao ente provincial da cantidade asignada ao Concello no POS 2022-2023. E de non ser isto factible por terse concedido todas as axudas e iniciados os procedementos de licitación correlativos, a retención farase a cargo do importe das baixas, importe que xa non se poderá reutilizar nin nos proxectos primitivos, nin en novos investimentos ou con cargo a futuros plans de cooperación.
- O deber do concello de comunicar a adhesión ao convenio ou instrumento de colaboración haberase de realizar no prazo de 10 días naturais desde a súa formalización, e o seu incumprimento é causa de reintegro das subvencións concedidas con cargo a estas bases.



De acordo con todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o presente exercicio, e vistos os informes do enxeñeiro xefe do servizo de Cooperación, de data 17/06/2022, e da xefa do servizo de Cooperación, de data 17/06/2022, que conclúe favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 20/06/2022, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao *Concello de Tui* CIF P3605500B a cantidade de 306.476,76 €, con destino ao financiamento do investimento “*Saneamento e pavimentación en Sambade A Cruz, Parroquia de Malvas, Tui*” (Expte.2022025071) cun orzamento polo importe de 306.476,76 €, distribuída segundo a seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento €	Subvención €	Achegas doutras administracións €	Fondos propios €
2022	306.476,76	306.476,76	0,00	0,00
2023	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	306.476,76	306.476,76	0,00	0,00

O orzamento contempla os honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde por importe total de 13.539,27 €.

- A concesión da presente subvención queda condicionada á obtención da autorización sectorial da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, sendo imprescindible que a remita á Deputación antes da licitación do investimento ou, no seu caso, antes do inicio do trámite da xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2022/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ó gasto.
- De acordo coa Base Reguladora 18ª do Plan Concellos 2022-2023, e de ser o caso, o Concello de Tui deberá comunicarlle á Deputación, no prazo de dez (10) días naturais a contar desde a súa formalización, a adhesión ao convenio ou ao instrumento equivalente para a xestión integral da auga, para poder iniciar a retención da totalidade da achega que por tal concepto lle corresponda á Deputación do Plan Concellos. O incumprimento desta obriga será causa de reintegro da subvención concedida con cargo a este plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan de Concellos 2022-2023, aprobadas polo acordo plenario de 26 de novembro de 2021 e publicadas no BOPPO núm. 230 de 27/11/2021 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Asemade, ao abeiro da Base Reguladora 21ª.2 do Plan Concellos 2022-2023, o investimento incluído na anualidade 2022, deberá estar executado o 31 de decembro de 2023 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2024, e o incluído na anualidade 2023, executado o 31 de decembro de 2024 e xustificado na súa totalidade o 31 de marzo de 2025. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao *Concello de Tui*, á Intervención, ao Servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

12.31888.- PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA ESPIRAL XESTIÓN CULTURAL, S.L. PARA A PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DO CENTRO CASTRODEZA (GASTRODEZA): LENDAS, CASTROS E GASTRONOMÍA”.
(Expte.2020012662)

Mediante acordo da Xunta de Goberno de 24 de xullo de 2020, adxudicouse o contrato para a prestación do servizo de xestión integral do centro “*CastroDeza (GastroDeza): lendas, castros e gastronomía*”, á empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954).

Con data 26/08/2020 formalizouse o contrato entre a Deputación de Pontevedra e a empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954). para a prestación do servizo de xestión integral do centro “*CastroDeza (GastroDeza): lendas, castros e gastronomía*”.

O período de execución do contrato estableceuse desde o 01/09/2020 ata o 31/08/2022, establecéndose a posibilidade dunha prórroga de dous anos de duración.

Con data 08/06/2022 a Xefa do Servizo de Turismo Rías Baixas, solicita a aprobación dunha prórroga do contrato para a servizo de xestión integral do centro “*CastroDeza (GastroDeza): lendas, castros e gastronomía*”, por un período de dous anos desde o 01/09/2022 ao 31/09/2024, nas mesmas condicións establecida no contrato inicial.

A vista de dita petición fórmulase preaviso a empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954). da intención de celebrar unha prórroga do contrato para a prestación do servizo de xestión integral do centro “*CastroDeza (GastroDeza): lendas, castros e gastronomía*”, por un período de dous anos desde o 01/09/2022 ao 31/08/2024, nas mesmas condicións establecida no contrato inicial, sendo notificado electronicamente (Nº rexistro NOT2022000001, con data de posta a disposición 08/06/2022 e data de aceptación 08/06/2022).

O preaviso prodúcese polo tanto, coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para a empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954).



A cláusula 4 das xerais do prego de cláusulas económico administrativas de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “a prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes.”

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención (CSV: 5DFRH4NL5K7WVY75), de data 14 de xuño do 2022, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe da responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato por dúas anualidades, desde 1 de setembro de 2022 ao 31 de agosto de 2024. O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 1 de setembro de 2022”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a prórroga do contrato para a prestación do Servizo de xestión integral do centro “CastroDeza (GastroDeza): lendas, castros e gastronomía”, subscrito coa empresa Espiral Xestión Cultural, S.L. (CIF: B-94.054.954), por un período de dous anos desde o 1 de setembro de 2022 ao 31 de agosto de 2024, nas mesmas condicións establecida no contrato inicial.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (con IVE)
2022 (4 meses)	433.3362.227.99	18.150,00 €
2023 (12 meses)	433.3362.227.99	54.450,00 €
2024 (8 meses)	433.3362.227.99	36.300,00 €

O importe do gasto correspondente ás anualidades de 2023 e 2024 quedará condicionado á aprobación do orzamento do respectivo exercicio e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.



13.31889.- PRÓRROGA DO CONTRATO PARA PRESTACIÓN DO “SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS PRÍNCIPE FELIPE NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2020054448)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 6 de agosto do 2021, adxudicou o “*Servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra*” á empresa *Fundación de Estudos e Analises-Fesan* (CIF: G15597669), polo prezo e valores ofertados, e de acordo ao seguinte detalle:

- Importe sen IVE:264.000,00 €
- IVE: 0,00 €
- Importe total:264.000,00 €

O contrato entrou en vigor o día 1 de setembro do 2021, cun prazo de duración de un ano, e a posibilidade de unha prórroga anual, conforme ao establecido na cláusula 6 do prego administrativo.

O servizo de Centro Príncipe Felipe preavisou á empresa contratista, mediante escrito notificado o día 31 de maio de 2022 na dirección electrónica habilitada, da intención de acordar a prórroga anual do contrato nos mesmos termos e condicións. (Registro saída NOT2022010983, do día 31/05/2022. Data de comparecencia: 31/05/2022).

Visto o informe do responsable do contrato, de data 3 de xuño do 2022 (CSV: S5RHX7FJC13ESPFC), de acordo o cal na actualidade a execución do contrato vense desenvolvendo de acordo co pactado, e segundo o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte da empresa contratista que xustifiquen a improcedencia da prórroga.

Tendo en conta o artigo 29.2 LCSP, que permite que o contrato poda prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordaraa o órgano de contratación e será obrigatoria para a empresaria ou empresario sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, agás que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. En ningún caso se poderá producir a prórroga polo consentimento tácito das partes.

Tendo en conta que, de conformidade co dito artigo, a cláusula 6 do prego económico-administrativo, e o propio contrato, previron a posibilidade de realizar unha prórroga, cun prazo de duración dun ano.

Tendo en conta que se realizou aviso previo coa antelación de dous meses sinalada no citado artigo 29, polo que a prórroga do contrato sería obrigatoria para a empresa contratista.



Tendo en conta que para dita prórroga, de conformidade coa LCSP, faise necesario que o órgano de contratación, neste caso, a Xunta de Goberno, adopte acordo expreso ao respecto, previo informe do secretario xeral da Corporación, o cal é preceptivo segundo a súa disposición adicional terceira.

Tendo en conta que, con data 10 de xuño do 2022, a Intervención emitiu documento de retención de crédito número de operación 202200128210, con cargo á vinculación da aplicación orzamentaria 22/232.2312.227.99, polo importe de 88.000,00 €, para atender ás obrigas económicas que resulten do contrato ao abeiro da presente prórroga. Asemade, emitiu documento de retención de crédito para exercicios futuros número de operación 202200128212 polo importe de 176.000,00 €.

Visto o informe favorable emitido de xeito conxunto polo servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, a Secretaría Xeral e a Intervención da Deputación de Pontevedra, de data 14 de xuño do 2022, segundo o cal “*En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do/a responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta, quedando condicionado o gasto derivado da prórroga deste contrato para o ano 2023 á existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento.*

O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 31 de agosto de 2022.”

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a prórroga do contrato de *Servizo de Escola Infantil 0-3 anos Príncipe Felipe na Deputación de Pontevedra* subscrito coa empresa *Fundación de Estudios e Analises-Fesan* (CIF:G15597669), durante o período 1 de setembro do 2022 a 31 de agosto do 2023, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

As obrigas económicas que resulten da prórroga anual do presente contrato durante o ano 2022 irán con cargo á vinculación da aplicación orzamentaria 22/232.2312.227.99 do vixente orzamento provincial.

As obrigas derivadas da prórroga do presente contrato para a anualidade 2023, quedarán condicionadas á existencia de crédito axeitado e suficiente no correspondente orzamento.



14.31890.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DO CONTRATO DERIVADO DO ACORDO MARCO 13/2018 DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO PARA A CONTRATACIÓN DA “SUBMINISTRACIÓN DE LICENCIAMENTO DO SOFTWARE DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2022035591)

Actualmente a Deputación de Pontevedra dispón dunha ampla gama de produtos do fabricante Microsoft que son utilizados polos distintos usuarios e aplicacións desta Administración. Estes produtos se clasifican principalmente en paquetes ofimáticos, sistemas operativos, sistemas xestores de bases de datos, ferramentas de xestión de diverso tipo, sistemas de xestión de correo electrónico e ferramentas de comunicación corporativa para o persoal da Deputación de Pontevedra. Estas ferramentas dispoñen dun longo historial de uso nesta Administración e hoxe en día encóntranse totalmente integradas no traballo cotián levado a cabo polo persoal.

Os produtos que pertencen a este fabricante requiren dunha renovación periódica do seu licenciamento. Dita renovación resulta imprescindible para que a Deputación de Pontevedra poida exercer as súas competencias segundo o artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e para facer uso destas ferramentas respectando as condicións comerciais establecidas polo fabricante, sistema pago por uso, e baixo o amparo dos servizos de soporte e mantemento ofrecidos polo mesmo. Polo tanto faise necesaria a contratación dun subministro de licencias que permitan o desenvolvemento das tarefas administrativas entre outras dentro da Deputación de Pontevedra.

Por outra parte, é importante ter en conta que algunhas destas ferramentas manteñen unha relación de dependencia con outros aplicativos internos usados por esta administración para as que se fixeron desenvolvementos de software a medida que requiren o uso concreto dalgúns destes aplicativos. Por exemplo: o xestor de expedientes electrónicos Cividás, o portal do empregado, o sistema integral de xestión tributaria e catastral do ORAL, entre outros.

Unha vez contemplados e valorados os diferentes factores como son os custos dos produtos a longo prazo, a interoperabilidade entre as aplicacións, a integración das mesmas con produtos actuais usados na Deputación, a produtividade do persoal en función das ferramentas utilizadas, a eficiencia das propias ferramentas e o soporte dispoñible para cada produto, a Deputación de Pontevedra decantouse por continuar utilizando as ferramentas deste fabricante para as suites ofimáticas e resto de produtos especificados no presente documento. Microsoft dispón dunha solución completa, homoxénea e de alta calidade, cuxos beneficios a longo prazo xustifican o coste das mesmas.

O cambio de calquera destas ferramentas por outras, cales sexa, de distinto fabricante e polo tanto funcionalidade, levarían asociado un sobre coste moi difícil de estimar relacionado coas distintas problemáticas derivadas da incompatibilidade entre ferramentas, a carencia de funcións específicas amplamente utilizadas e estendidas, a formación ao persoal nas novas ferramentas, a implantación destas e a súa adecuación e integración con outros aplicativos internos que actualmente se encontran en uso.



Por todo elo, a opción máis beneficiosa para a Deputación de Pontevedra é apostar pola renovación e continuidade de uso dos produtos actuais deste fabricante especificados no presente documento.

Non existe actualmente programas de titularidade doutras Administracións que puideran satisfacer estas necesidades, segundo o previsto no art. 157.3 da Lei 40/2015. Realizouse unha procura no directorio de solucións do Centro de Transferencia de Tecnoloxía (CTT) sendo o resultado infrutuoso:

<https://administracionelectronica.gob.es/ctt/solucionesTodas.htm?paginacion=L#.YUHYqJ0zaUk>

Insuficiencia de medios

Dado que a Deputación non conta cos medios materiais tanto humanos como técnicos para realizar ese subministro xa que é un produto específico propiedade de Microsoft, precísase realizar unha contratación mediante a cal os diferentes distribuidores (partner) poderán acceder á licitación pública, para a presentación de ofertas por medios electrónicos.

Para a axilidade e demais vantaxes nos procedementos de contratación pública, a Deputación de Pontevedra adheriuse, no seu día, ao Sistema de Contratación Centralizada Estatal da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Hacienda. Na data 23 de outubro de 2020 a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adoptou o acordo de solicitar a adhesión ao Acordo Marco 13/2018 “subministro de servidores, sistemas de almacenamento, software de infraestrutura” resolvendo a *Dirección General de Racionalización e Centralización Da Contratación* de xeito positivo, a dita solicitude, con data de efectos desde o 24 de novembro de 2020. Polo tanto a presente contratación se realizará por este procedemento.

O xefe do Servizo de Novas Tecnoloxías informa que para a presente contratación invitarase ás empresas que figuran dentro do lote 3 do AM 13/2018, para que presenten ofertas a través la plataforma de licitación da Deputación de Pontevedra (Vortal).

O importe máximo do contrato baseado ascende a 1.670.515,62 €, IVE incluído, distribuído nas seguintes anualidades:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total con IVE	Núm. Operación
2022	22/926.9260.206.00	556.838,54	202200108323
2023	23/926.9260.206.00	556.838,54	202200108335
2024	24/926.9260.206.00	556.838,54	202200108336



Os importes correspondentes ás anualidades 2023 e 2024 quedarán condicionados á aprobación dos respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

Con data 13/06/2022 informa favorablemente *Subdirección General de Contratación Centralizada del Estado* (CSV: 3PNS9WXJTC7P01IN).

Con data 14/06/2022 informa favorablemente a *Secretaría da Deputación* (CSV: DUMCTMLVJKCIDW4M).

Con data 15/06/2022 emítense informes complementarios ao informe da *Secretaría polo Servizo de Novas Tecnoloxías* (CSV: XE2Z5VAK6HRU5RQM e NRECAASXFGB6RZ43).

Con data 16/06/2022 emítense informe favorable pola *Intervención* (CSV:N5DC7DYIMF0HUNVN), establecéndose a seguinte observación:

“Sinalar que, con carácter xeral, por parte dos distintos servizos deberían tramitarse os expedientes coa maior antelación, e mais neste caso xa que, como sinala no seu informe a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación do Ministerio de Facenda, “este lote del acuerdo marco finaliza su vigencia el día 1 de julio de 2022, por lo que la invitación a la licitación debe efectuarse obligatoriamente antes de esa fecha. Por otra parte, y conforme a lo previsto en el acuerdo marco la fecha límite para la remisión de la propuesta de adjudicación del contrato se establece el 1 de agosto de 2022”

Considerando que o artigo 227.2 da Lei 9/2017, de contratos del sector público (LCSP) establece que *“as centrais de contratación actuarán (...) celebrando Acordos Marco (...)”, e no punto 4 establece que “Nos acordos marco de contratación centralizada poderán celebrarse contratos baseados entre as empresas parte do acordo marco”*.

Considerando que o artigo 229.7 LCSP, establece *“Nos casos nos que o órgano de contratación dos contratos baseados nun acordo marco, sexa a Xunta de contratación centralizada, e sexa necesario realizar unha segunda licitación, as actuacións relativas á licitación previas á adxudicación realizáranse con carácter xeral polo organismo destinatario da licitación”*.

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei de Contratos do Sector Público, Lei 9/2017, 8 de novembro, faculta ó Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16^a.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente do contrato derivado do Acordo Marco 13/2018 da Central de Contratación do Estado para a contratación da subministración de licenciamiento do software da Deputación de Pontevedra, polo seguinte importe:

Importe sen IVE	1.380.591,42 €
IVE (21%)	289.924,20 €
Importe IVE incluído	1.670.515,62 €

A contrato celebrárase, en segunda licitación, con algunha das empresas adxudicatarias do Acordo Marco, nas condicións establecidas nos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas reguladores do devandito Acordo Marco.

2.- O contrato terá unha duración de tres anos, a contar desde a data da formalización.

3. Autorizar o gasto polo importe máximo de 1.670.515,62 € de acordo coa seguinte distribución por anualidades e de acordo co seguinte desglose:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total con IVE
2022	22/926.9260.206.00	556.838,54 €
2023	23/926.9260.206.00	556.838,54 €
2024	24/926.9260.206.00	556.838,54 €

Os importes correspondentes ás anualidades 2022 e 2023 quedarán condicionados á aprobación do respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos mesmos.

5.- Autorizar o documento de nova licitación (CSV: G7L8LB8OR4L9NEM8).

4.- Nomear como responsable do contrato o xefe do servizo de Novas Tecnoloxías.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días hábiles, contados desde a data do envío da invitación a través da plataforma licitación electrónica.



15.31891.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES”. (Expte.2021031854)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 10 de setembro de 2021, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, do “*Servizo de Teleasistencia Domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes*”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 17 de setembro de 2021, aparecendo publicado o día 22 de setembro de 2021 (Anuncio de licitación 2021/S 184-478909), así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 22 de setembro de 2021. Na mesma data tamén figuran publicados os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Con data 15 de outubro do 2021, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) informa do recurso especial en materia de contratación interposto pola Asociación de Empresas de Servicios para la Dependencia (AESTE) (C.I.F.- G-83445049) contra o prego de cláusulas administrativas regulador deste procedemento. A vista do mesmo, mediante Resolución Presidencial nº 2021006089 de data 19 de outubro de 2021 acórdase abocar puntualmente a competencia delegada na Xunta de Goberno (dando conta de dita Resolución Presidencial na sesión ordinaria da Xunta de Goberno do día 22 de outubro de 2021) e aprobar un novo prego administrativo, que rectifica e substitúe o anterior e reiníciase o prazo para a presentación de proposicións. O anuncio de licitación rectificado enviouse ao Diario Oficial da Unión Europea con data 19 de outubro de 2021 e foi publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra con data 19 de outubro de 2021, momento no que se reiniciou o cómputo do prazo de presentación de ofertas.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 25 de novembro de 2021, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Cohesión Social e Xuventude.



Recibido informe do servizo de Cohesión Social e Xuventude, de data 22 de decembro de 2021 (CSV: 6JYL2I2JTTJUZZAO), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 13 de xaneiro de 2022, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.

Unha vez realizado o exame das ofertas presentadas, a Mesa de Contratación observa que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe o procedemento, a proposta das empresas Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299), Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475) e Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842), presentan valores anormais ou desproporcionados en diferentes prezos e/ou valores ofertados, polo que se lle require xustificación.

Achegada a documentación requirida por parte das empresas Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299) e Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842), o servizo de Cohesión Social e Xuventude, mediante informe de data 23 de febreiro de 2022 (CSV: 84ZFFQ3WGOYQQVXNG), considera que a xustificación presentada pola empresa Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842) non xustifica a baixa na súa oferta, se non é a través do incumprimento das prescricións contractuais, e a xustificación presentada pola empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299) xustifica de forma correcta a súa oferta económica, polo que propuxo á Mesa de Contratación que fora admitida. A empresa Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475) non presenta a documentación xustificativa da baixa temeraria.

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 24 de febreiro de 2022, acordou propor ao órgano de contratación a exclusión das seguintes empresas do procedemento seguido para a adxudicación do presente contrato, polos motivos que se relacionan:

Empresa	Motivo de exclusión:
Cruz Roja Española (NIF: Q-2866001G)	Por incumprir co establecido no PPT.
Clece, S.A (NIF: A-80.364.243)	Por incumprir o establecido no PPT.
Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475)	Por non presentar a documentación xustificativa da baixa temeraria.
Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842)	Non queda acreditado que poña a disposición do servizo TAD da Deputación de Pontevedra o número de teleoperadores/as suficientes para prestar o servizo nos niveles esixidos pola documentación contractual, así como imposibilitando a súa identificación a efectos de coñecer a súa cualificación, polo que non queda xustificada a baixa na súa oferta, se non é a través do incumprimento das prescricións contractuais.



No mesmo acto, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación o resto das ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número 2022001555, de 25 de febreiro de 2022 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación exixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. (NIF: A-79.022.299) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB 2022013285, de data 11 de marzo de 2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 30.416,29 € (carta de pago núm. operación 202200050182, do 10/03/2022).

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 18 de marzo de 2022, adxudicou o contrato dos *Servizo de Teleasistencia Domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes*, mediante procedemento aberto, á empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A.(NIF: A-79.022.299), polos prezos unitarios ofertados. No mesmo acordo, excluíu á empresa Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842), conforme á proposta da Mesa de Contratación de data 24 de febreiro de 2022, ao incorrer en presunción de baixa anormal ou desproporcionada e non explicar satisfactoriamente o prezo ofertado, presumindo, polo tanto, que non pode cumprir o contrato.

Con data 8 de abril de 2022, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) comunica que a empresa Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842) interpón recurso especial en materia de contratación contra o referido acordo de adxudicación adoptado pola Xunta de Goberno na sesión do 18-03-2022, solicitando o envío da documentación do expediente de contratación e do correspondente informe. No referido recurso, a empresa Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U solicita a anulación do acordo de adxudicación a favor da empresa, Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A, así como que quede sen efecto a exclusión da empresa Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U., e a retroacción do procedemento ao momento anterior á exclusión da citada empresa e a clasificación das ofertas.



O TACGAL mediante Resolución núm. 88/2022, remitida con data 11 de maio de 2022 (Registro entrada 2022013007), acordou que estima o recurso interposto por QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES SAU contra a exclusión da súa oferta e contra a adjudicación da contratación dun servizo de teleasistencia domiciliaria na provincia de Pontevedra para os Concellos de menos de 20.000 habitantes.

Para dar cumprimento a dita resolución do TACGAL, a Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 20/05/2022 acordou deixar sen efecto o acordo de adjudicación adoptado pola Xunta de Goberno núm. 18.31469, do día 18 de marzo de 2022 e retrotraer o procedemento de adjudicación ao momento da avaliación e consideración pola Mesa de Contratación da documentación achegada pola empresa Quavita e Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842) para a xustificación da oferta presentada, polo que a empresa Quavita e Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842) resulta admitida en virtude de Resolución núm. 88/2022, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, efectuándose novamente o cálculo das puntuacións correspondentes aos criterios avaliábeis automaticamente sendo os seguintes:

De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 26 de maio de 2022, procedeu novamente a clasificar, por orde decrecente de puntuación, as ofertas admitidas, e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, proceder á adjudicación do contrato a favor da empresa Quavita e Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842), polos prezos e valores ofertados.

Tendo en conta o artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal unha vez aceptada a proposta da mesa polo órgano de contratación, os servizos correspondentes requirirán ao licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145 para que, dentro do prazo de dez días hábiles, contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a) a c) do apartado 1 do artigo 140 se non se achegou con anterioridade, tanto do licitador como daquelas outras empresas a cuxas capacidades se recorra, sen prexuízo do establecido no segundo parágrafo do apartado 3 do citado artigo; de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, comproba que a empresa Quavita e Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842) atópase inscrita no Registro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditando salvo proba en contrario que a empresa non está incurso en prohibición de contratar mediante Resolución Presidencial con número 2022004210, de 01/06/2022 acordou aceptar a proposta da Mesa de Contratación de data 26/05/2022 e requirir a empresa Quavita e Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842) para que achegue a restante documentación de conformidade co previsto no artigo 150.2.



A empresa Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2022035505, de data 14 de xuño de 2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 30.416,29 € (carta de pago núm. operación 202200119121, do 08/06/2022).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Excluir do procedemento de contratación á empresa Clece, S.A (NIF: A-80.364.243), por incumprir co establecido no prego de prescricións técnicas no seguinte apartado:

O PPT establece no punto 4.3.2.1 que “a empresa adxudicataria deberá dotar de un dispositivo que se instalará no domicilio da persoa usuaria conectado coa rede eléctrica e a unha liña telefónica como elemento emisor de alarmas. En aqueles casos nos que a liña fixa convencional ou a través de Ethernet non estea dispoñible, ou nos sexa viable, a empresa adxudicataria proporcionará un dispositivo de teleasistencia domiciliaria GSM ou dispositivo domiciliario dixital con tarxeta SIM incorporada e sen coste adicional, nin para a persoa usuaria nin para este organismo provincial”.

No apartado 1.3.1.2 a empresa incumpre o establecido no PPT, xa que o servizo non pode supoñer ningún coste para a persoa usuaria, xa que o servizo é sufragado pola Deputación de Pontevedra e os concellos adheridos na súa totalidade.

2.- Excluir do procedemento de contratación á empresa Cruz Roja Española (NIF: Q-2866001G), por incumprir co establecido no prego de prescricións técnicas no seguinte apartado:

O PPT establece no seu apartado 4.1.4.2 “Alta das persoas beneficiarias no servizo de teleasistencia”, que “(...) proporcionarase a persoa usuaria o teléfono do Centro de Atención, co fin de facilitar a comunicación da persoa beneficiaria coas persoas responsables do servizo ante posibles incidencias que poidan xurdir durante o proceso. Este teléfono debe de ser de chamada gratuíta para a persoa usuaria (...)”.



Polo tanto, hai dúas vías de contacto có Centro de Atención. Unha externa mediante un número de teléfono que debe de ser gratuito (pax. 11 PPT) e as chamadas que fai o propio terminal (ao pulsar o botón do terminal ou o UCR), que deben de ser gratuítas ou como máximo o custe dunha chamada local (pax 13 e páx 20 do PPT).

Cruz Roja Española indica na súa oferta que “(...) se le facilitará el número de teléfono de contacto del Centro de Atención (...); (...) Este teléfono es de carácter gratuito para la persona usuaria o, como máximo, tendrá el coste de una llamada local (...).”, incumprindo o establecido no PPT xa que deben proporcionarlles un número de teléfono gratuito para contactar de forma externa có Centro de Atención.

3.- Excluir do procedemento de contratación á empresa Aralia Servicios Sociosanitarios S.A. (NIF: A-47.326.475), por ofertar valores anormais ou desproporcionados sen explicar o baixo nivel de prezos, e polo tanto presúmese que non pode cumprir o contrato.

4.- Adxudicar o contrato de “Servizo de teleasistencia domiciliaria na provincia de Pontevedra para os concellos de menos de 20.000 habitantes” á empresa Quavitae Servicios Asistenciales, S.A.U (NIF: A-80.106.842) polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte:

A.- Prezos ofertados:

TIPOLOXÍA	Prezo mensual ofertado, sen IVE	IVE	Prezo mensual ofertado, con IVE
PERSONA TITULAR SERVICIO TELEASISTENCIA	18,09 €	0,72 €	18,81 €
PERSONA TITULAR CON DISPOSITIVO GSM	19,15 €	0,77 €	19,92 €
PERSONA BENEFICIARIA CON UCR ADICIONAL	6,74 €	0,27 €	7,01 €
PERSONA BENEFICIARIA SEN UCR ADICIONAL	5,39 €	0,22 €	5,61 €



B. Melloras propostas pola Deputación de Pontevedra:

Servizo de Telesistencia Avanzada		
Categoría dispositivo	Tipo dispositivo	Nº Dispositivos ofertados
Seguridade	Detectores de monóxido de carbono	1000 detectores
	Detectores de gas	1000 detectores
	Detectores de caída mediante sensores de acelerómetro e sensor de verticalidade	60 detectores
	Detectores de pasividade/mobidade con posibilidade de configurar franxas horarias de desactivación e/ou días de ausencia	60 detectores
Funcional	Dispositivo para o baño con tirador provisto de alarmas sonoras e/ou visuais para confirmación de que o sinal é enviada ao terminal. Capacidade de ser instalado en calquera zona con alto grao de humidade.	60 dispositivos
	UCR con maior superficie para garantir un pulsador que poida ser activado con calquera parte do corpo	60 UCR
	Terminais para persoas con alta deficiencia auditiva; deberá ofrecer a posibilidade de utilizar o control remoto. O centro responderalles mediante mensaxes de texto prefijados, aos que a persoa contestará con respostas simples mediante pantalla táctil.	60 terminais
	Terminais adaptados para persoas con discapacidade visual; deberán ofrecer dispositivos adaptados ás persoas con capacidade de poder recoñecer a funcionalidade de cada botón de maneira táctil e ofrecer as mesmas prestacións para comunicarche co centro de atención e a xestión das posibles alarmas producidas.	60 terminais
Outros	Pulsador tipo pera	60 pulsadores
	Sensor de presión en cama e sofá	60 sensores
	Sensor de inundación	60 sensores
	Sensor de temperatura	230 sensores
	Sensor de alarma en porta	600 sensores
	Dispensador de medicinas para 7 días da semana e apartados para medicación mañá, tarde e noite e cor branco con logo da Deputación de Pontevedra	1000 dispensadores

Concepto	Valor
Número de días ofertados de prazo para a instalación de terminais	Unidades
	Menos de 8 días.
Número de instalacións urxentes ofertados por ano	Porcentaxe
	50 instalacións urxentes /ano
Nº de terminais ofertados para o servizo de Telesistencia móbil	Unidades
	40 terminais



Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2022 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 231.2313.480.03 do vixente orzamento provincial, e as do ano 2023 contabilizarase na correspondente aplicación, que será, no seu caso, a 231.2313.480.03, quedando condicionado o gasto á aprobación do seu respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo. O cadro de financiamento previsto para este contrato poderá sufrir variacións en función da data da súa formalización.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pago do prezo do contrato realizarase, unha vez presentada a factura a este organismo provincial e a cada un dos concellos cos que exista convenio en base ás porcentaxes de financiamento que lle correspondan a cada un deles no momento da prestación do servizo pola empresa ou entidade adxudicataria.

A presentación da factura farase por medios electrónicos, necesariamente nos primeiros 15 días do mes seguinte á prestación do servizo, salvo autorización expresa dun prazo maior polo servizo de Cohesión Social e Mocidade. A factura presentada virá desagregada por concellos, diferenciando entre persoas titulares de servizo de teleasistencia, persoas titulares con dispositivo GSM, persoas beneficiarias con UCR e persoas beneficiarias sen UCR, definindo o seu número e prezo por modalidade e concello.

Con carácter previo á súa presentación, remitirase a seguinte documentación ao servizo de Cohesión Social e Mocidade:

- Borrador da facturación mensual por parte da empresa adxudicataria á Deputación, na que consten, como mínimo, os seguintes datos de todas as persoas usuarias e beneficiarias do servizo durante o mes que se factura:
 - Poboación
 - Nome e apelidos
 - DNI ou NIE da persoa usuaria ou beneficiaria do servizo
 - Tipo de persoa usuaria
 - Situación (alta, baixa, suspensión temporal, ausencia domiciliaria) e data de inicio da mesma
 - Importe facturado por cada unha delas, en cada unha das distintas situacións nas que se atopou ao longo do mes, detallando contía facturada á Deputación e ao concello correspondente.
- Un informe de incidencias técnicas e incidencias derivadas das alarmas de emerxencia das persoas usuarias e beneficiarias con e sen UCR do mes que se factura
- Os seguimentos realizados durante o mes detallando concello de orixe e persoa usuaria e/ou beneficiaria.
- As chamadas ás persoas usuarias titulares, beneficiarias con UCR e sen UCR polos seus aniversarios.

As facturas, expedidas de acordo á normativa vixente, serán abonadas unha vez emitido o correspondente informe favorable ou de conformidade do responsable da unidade administrativa que reciba ou supervise o traballo, ou no seu caso, do designado polo órgano de contratación como responsable de leste.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2021031854		
Órgano xestor:	LA0008004	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Xefatura de Servizo de Cohesión Social e Xuventude.

5.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

6.- Acordar a devolución ou cancelación da garantía definitiva por importe de 30.416,29 € constituída pola empresa Eulen Servicios Sociosanitarios, S.A. (NIF: A-79.022.299) mediante aval bancario, segundo consta na carta de pago con número de operación 202200050182 de data 10/03/2022.



16.31892.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE “ASISTENCIA TÉCNICA EN MATERIA DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS DE CONSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN”. (Expte. 2021062944)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 29 de abril de 2022, aprobou o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “servizo de asistencia técnica en materia de produción e xestión de residuos de construción e demolición”, concedendo ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante, para a presentación de proposicións.

O anuncio de licitación de dito procedemento publicouse no *Perfil de Contratación* da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 2 de maio de 2022. Na mesma data, publícanse no *Perfil de Contratación* os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 19 de maio de 2022, procedeu á apertura electrónica e cualificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

A continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliabile mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Recibido informe do servizo de Infraestruturas, de data 23 de maio de 2022 (CSV: EB60VCAJ5E6HNCPS), a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 26 de maio de 2022, presta conformidade as puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres “C”, correspondentes á documentación avaliabile mediante criterios automáticos, das empresas que alcanzan a puntuación mínima do 50 % da puntuación máxima asinable en función dos criterios avaliables mediante un xuízo de valor (sobre B), esixida na cláusula 9.1 dos pregos para continuar no procedemento.

No mesmo acto, unha vez examinadas as ofertas, a Mesa de Contratación procedeu á clasificar por orde decrecente de puntuación as ofertas; e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa *Galaicontrol, S.L* (NIF: B36651487), polos prezos e valores ofertados,

Mediante Resolución Presidencial número 2022004367, de 07/06/2022 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación e require á empresa *Galaicontrol, S.L* (NIF: B36651487), que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

A empresa *Galaicontrol, S.L* (NIF: B36651487) presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Rexistro entrada WEB2022036110, de data 17/06/2022), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 1.337,37 € (carta de pago núm. operación 202200132129, do 16/06/2022).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indícarase o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato de servizo “*asistencia técnica en materia de producción e xestión de residuos de construcción e demolición*” á empresa *Galaicontrol, S.L* (NIF: B36651487), polos seguintes prezos e valores ofertados:

a. Prezos unitarios:

Descrición da unidade	Nº de uds	Prezo ud Sen IVE
Prezo de supervisión, control e xestión en materia de RCDS durante a obra	15	1.090,87 €
Prezo de elaboración dos informes xustificativos necesarios para o cumprimento da normativa en materia de produción e xestión de RCDS unha vez rematada a obra	15	509,13 €



O prezo total ofertado para o total de asistencias técnicas estimadas (15 asistencias), sen ive ascende a cantidade de 24.000,00 €.

b. Outros criterios ofertados:

- A empresa oferta un compromiso polo que durante a duración do contrato prestará apoio no procedemento administrativo de obtención de financiación europea mediante a elaboración de respostas técnicas ou de subsanación de documentación técnica cando así sexa requirida polo órgano tramitador da subvención europea.
- A empresa acredita un sistema de control de calidade na execución do contrato (UNE-EN ISO 9001) ou equivalente.
- A empresa acredita un sistema de control medioambiental na execución do contrato (UNE-EN ISO 14001) ou equivalente.

O prazo de duración do contrato é de un ano, contado desde a súa formalización, establecéndose a posibilidade de tres prórrogas dunha anualidade cada unha delas.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato para o ano 2022 financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 456.4530.612.02 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

O pago dos traballos realizados efectuaranse contra a presentación da correspondente factura unha vez validadas polo Director do contrato e de acordo cos seguintes pagos parciais:

- Os traballos de “SUPERVISIÓN, CONTROL E XESTIÓN EN MATERIA DE RCDs DURANTE A OBRA”, serán abonados unha vez rematada a respectiva obra. O importe a facturar será o resultante de aplicarlle a porcentaxe de baixada realizada ao prezo de licitación establecido.

No obstante, se a obra rematara con posterioridade á finalización do presente contrato, o importe a facturar será proporcional á porcentaxe de obra executado. Neste caso, a empresa deberá entregar a Deputación de Pontevedra unha relación de informes e documentos respecto da parte executada.

- Os traballos de “ELABORACIÓN DOS INFORMES XUSTIFICATIVOS NECESARIOS PARA O CUMPRIMENTO DA NORMATIVA EN MATERIA DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN DE RCDs UNHA VEZ REMATADA A OBRA”, serán abonados unha vez realizados e entregados os informes. O importe a facturar será o resultante de aplicarlle a porcentaxe de baixada realizada ao prezo de licitación establecido.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 P3600000H)	(CIF:	Nº de exp.:	2021062944	
Órgano xestor:	LA0006123	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Enxeñeiro Xefe dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, Francisco Alonso Fernández.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



17.31893.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA “REPARACIÓN DE CUBIERTA E FACHADA EN ZONA DE AULAS DA ESCOLA DE CANTERÍA (CONCELLO POIO)” (Expte.2021050993)

Resultando.- A Escola de Cantería, dependente da Deputación de Pontevedra, situada na rúa Illa Santo nº2, no termo municipal de Poio, parcela con referencia catastral 36041A035060000001PU; imparte a formación de Cantería e Mestre de Cantería. A finalidade desta institución é conservar e promocionar un dos oficios máis nobres e antigos de Galicia, para ensinar o arte de traballar a pedra.

Resultando.- A Dirección da Escola de Canteiros traslada ao Servizo de Arquitectura a necesidade de resolver os problemas de estanquidade e filtracións de auga actuais, que provocan humidades na zona de aulas do edificio. Para iso, proponse acometer obras de reparación na cuberta así como de mellora nas fachadas, para dar resposta ás deficiencias e problemas existentes.

Resultando.- Que na súa consecuencia, con data 15/11/2021 recíbese no Servizo de Contratación informe da xefa do Servizo da Escola de Cantería e da xefa do Servizo de Arquitectura coa conformidade da Deputada Delegada desa área, solicitando que se inicien os trámites oportunos para á aprobación do Proxecto técnico de “Reparación de cubertas e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería de Poio”.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato antes da licitación, redactouse polo Enxeñeiro Industrial adscrito a Estudo Capitel, Francisco Javier de la Puente Crespo, o proxecto técnico da obra “Reparación da cuberta e fachada na zona das aulas da Escola de Cantería de Poio, Pontevedra”, cun orzamento base de licitación de 370.000,00 € IVE incluído.

Resultando.- Que consta no expediente informe de supervisión favorable do proxecto emitido pola arquitecta Sara Piñón Esteban e a arquitecta técnica Verónica Chaves González, pertencentes ambas ó Servizo de Arquitectura da Deputación.

Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC con número de operación 202200003102, por importe de 370.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 22/324.3243.632.02.2021 do vixente orzamento provincial, quedando acreditado polo tanto, a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/12/2021 acordou aprobar o proxecto para a execución da obra “Reparación de cubertas e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería de Poio”, redactado polo enxeñeiro industrial D. Francisco Javier de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación de 370.000,00 €, IVE incluído. A este proxecto asígnouselle un código (CSV): 3Y83FO7IOD7SJ8EG.



Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e informe emitido polo xefe do Servizo de Contratación no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que o mesmo órgano na sesión do día 29 de abril de 2022, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Proxecto de reparación de cubertas e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería de Poio, Pontevedra".

Resultando.- Que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de maio de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 26/05/2022, procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "*Reparación de cuberta e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)*".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- COVISAM NORTE, S.L.
- CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.
- ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA, S.L.

Resultando.- Que a Mesa acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Arquitectura, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que con data 07/06/2022 os servizos técnicos do Servizo de Arquitectura emitiron informe de valoración dos criterios de avaliación mediante xuízos de valor, das ofertas presentadas polas empresas que participan neste procedemento, obtendo o seguinte resultado:

Licitadores	Memoria e programa de traballo	Plan de actuacións medioambientais	Puntuación sobre "A"
COVISAM NORTE, S.L.	22,00	3,00	25,00
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	18,00	2,00	20,00
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA, S.L.	22,00	0,00	22,00



Resultando.- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 10/06/2022 en base ó informe dos servizos técnicos do Servizo de Arquitectura, acordou prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento aberto simplificado convocado para contratación desta obra.

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Licitadores	Sobre “B”				
	Oferta económica	Control calidade	Prazo de garantía	UNE-en ISO 9001	UNE-en ISO 14001
COVISAM NORTE, S.L.	287.980,00 €	3%	36 MESES	SI	SI
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	305.310,12 €	1%	18 MESES	SI	SI
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA, S.L.	297.987,60 €	2%	36 MESES	SI	NO

Resultando.- Que en virtude das condicións establecidas no PCAP, a Mesa de Contratación na mesma reunión procedeu á valoración das ofertas económicas, das empresas que foron admitidas neste procedemento, sendo estas as seguintes:

Licitadores	Sobre “B”				Puntuación sobre “B”
	Valoración económica	Prazo de garantía	Control calidade	UN-en ISO 9001/14001	
COVISAM NORTE, S.L.	19,88	5,00	5,00	5,00	34,88
CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	0,59	0,00	1,25	5,00	6,84
ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA, S.L.	9,66	2,50	5,00	2,50	19,66



Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a execución da obra “Reparación de cuberta e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio), que queda da seguinte forma:

Posición	Licitadores	Puntuación sobre “A”	Puntuación sobre “B”	Puntuación total
1	COVISAM NORTE, S.L.	25,00	34,88	59,88
2	ASISTENCIA Y SOLUCIONES DE ARQUITECTURA, S.L.	22,00	19,66	41,66
3	CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.	20,00	6,84	26,84

Resultando.- Que A Mesa de Contratación comproba que a empresa COVISAM NORTE, S.L.. figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia. Segundo se desprende dos datos recollidos nos citado rexistros a empresa cumpre os requisitos da clasificación, capacidade e solvencia recollidos no PCAP, non estando incurso en prohibición de contratar.

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Reparación de cuberta e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)” á empresa COVISAM NORTE, S.L.

Resultando.- Que requirida COVISAM NORTE para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a mesma, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 14.399,00 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 17/06/2022 con número de operación 202200131704.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluirá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.



Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilma. Sra. Presidenta para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa COVISAM NORTE, S.L. (CIF B70416011) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " Reparación de cuberta e fachada na zona de aulas da Escola de Cantería (Concello Poio)" por un importe de 348.455,80 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	287.980,00 €
IVE (21%)	60.475,80 €
Importe Total.....	348.455,80 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

2. Nomear directora de obra a Sara Piñón Esteban, arquitecta do Servizo de Arquitectura da Deputación.

O prazo de execución será de CATRO (4) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 22/324.3243.632.02.2021 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA00061213; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; nºExpte.2021050993.



18.31894.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONCLUSIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSULTARÍA E ASISTENCIA TÉCNICA PARA A PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS E SEGUIMIENTO DE PROXECTOS FINANCIABLES CON FONDOS EUROPEOS, INCLUÍDOS OS PROCEDENTES DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA. (Expte.2022036341)

A Deputación de Pontevedra, co obxectivo de optimizar a captación de fondos para o desenvolvemento de proxectos que potencien a consecución dos obxectivos de interese provincial, precisa definir un instrumento que dote da suficiente axilidade a contratación dos traballos de deseño de candidaturas, e execución de proxectos de interese provincial, aliñados dentro da estratexia de fondos europeos da Deputación de Pontevedra, e/ou susceptibles de seren financiados a través do Plan de Recuperación para Europa (Next Generation EU e Marco Financeiro Plurianual 2021-2027) ou calquera outro que sexa acorde coa tipoloxía de actuacións que se queren potenciar.

O desenvolvemento destes traballos require persoal moi especializado e con experiencia na materia, polo que a Deputación non dispón de medios persoais e materiais suficientes e adecuados, sendo necesario contratar estes servizos de alta especialización a consultoras externas, que aporten profesionais adecuadamente cualificados e experimentados na materia.

En base ao exposto, con data 18 de maio do 2022, a xefa do servizo de Cooperación, emite informe, rectificando con data 27 de maio do 2022, no que, co visto e prace da deputada, propón a conclusión dun *Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos*. O acordo marco proposto ten un prazo de duración de 4 anos, e un orzamento máximo estimado de 3.080.280,05 euros para o conxunto de contratos baseados que se poidan adjudicar durante a súa vixencia. Xunto coa proposta, o servizo achega o prego de prescricións técnicas.

Tendo en conta que, con data 19 de maio do 2022, o xefe do servizo de Contratación emite proxecto de memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun acordo marco administrativo de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto, sendo este o procedemento ordinario, segundo o artigo 131.2 LCSP. A memoria definitiva asinase con data 20 de xuño do 2022.

Visto que o acordo marco non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos baseados que se adjudiquen ao abeiro deste Acordo marco, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa parte do Acordo Marco. No en tanto, a efectos informativos, establécese un orzamento máximo estimado de 3.080.280,05 euros para o conxunto de contratos baseados que se poidan adjudicar durante a vixencia do Acordo Marco, que se adecúa aos prezos do mercado.

Visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e, con data 19 de maio do 2022, solicita o preceptivo informe á Secretaría.



Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 1 de xuño do 2022, e as observacións contidas no mesmo.

Vistas as aclaracións e emendas realizadas, a petición da Secretaria, na documentación preparatoria do expediente, polos servizos de Contratación e de Cooperación, reflectida nos seus respectivos informes de data 3 e 7 de xuño do 2022.

Visto que con data 8 de xuño do 2022, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 20 de xuño do 2022, coas seguintes observacións e recomendacións:

“No caso de que algún/s dos contratos baseados neste acordo marco sexan susceptibles de financiamento con cargo a Fondos do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia deberá terse en conta o cumprimento dos requisitos específicos establecidos para a tramitación deste tipo de gasto na respectiva normativa.

Na cláusula 10.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllese os criterios avaliados mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

Ademais, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio.”

Tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.



Tendo en conta o artigo 100.3 da LCSP, segundo o cal con carácter previo á tramitación dun acordo marco non é necesario aprobar un orzamento base de licitación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a conclusión, mediante procedemento aberto, do “Acordo Marco para a contratación do servizo de consultaría e asistencia técnica para a presentación de candidaturas e seguimento de proxectos financiados con fondos europeos, incluídos os procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia”, cos seguintes lotes:

Número	Denominación
1	Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables. Actuacións cuxo obxecto principal sexan accións de tipo forestal, agrícola, mineiro, agropecuario, xeolóxico ou propias da xestión e mellora medioambiental, a loita contra o cambio climático, a restauración e xestión de ecosistemas, a conservación do medio, a protección da biodiversidade, a enerxía en xeral e a eficiencia enerxética e as enerxías renovables en particular, incluíndo todos os traballos que formen parte das mesmas.
2	Proxectos de enxeñería civil e arquitectura. Actuacións cuxo obxecto principal sexan accións propias da enxeñería civil, a construción de edificios e infraestruturas e, en xeral, a xeotecnia, a xestión do litoral, os recursos hídricos subterráneos e superficiais, a xestión das augas, o transporte, a xestión de infraestruturas ou as relacionadas coa mobilidade sostible, a axenda urbana, o urbanismo, planificación urbana, deseño de cidade, ordenación do territorio e demais disciplinas análogas, incluídos todos os traballos que formen parte das mesmas.
3	Proxectos de novas tecnoloxías. Proxectos de índole tecnolóxica e actuacións cuxo obxecto sexan as accións relacionadas co desenvolvemento de aplicacións informáticas, a dixitalización, a telecomunicación, a intelixencia artificial, a ciberseguridade e resto de disciplinas análogas ou de tipo industrial, eléctrico, mecánico, incluíndo todos os traballos que formen parte das mesmas.
4	Proxectos sociais, benestar e saúde. Actuacións cuxo obxecto sexan accións relacionadas coa a igualdade, a educación, a cultura, o deporte así coma relacionadas coa saúde humana, benestar, prevención de riscos, vida saudable, envellecemento activo e todos os traballos que formen parte das mesmas.
5	Emprego, desenvolvemento local e función pública. Actuacións cuxo obxecto sexan accións relacionadas coas políticas de emprego, formación, o mercado de traballo, a xestión empresarial, o apoio as PYMES, a industria e ós sectores produtivos, o turismo, a xestión de persoal, o desenvolvemento e mellora da administración pública, a eficacia do gasto público, e outras disciplinas análogas, incluíndo todos os traballos que formen parte das mesmas.



O Acordo Marco concluirase cunha única empresa por lote, e fixará os termos, condicións e prezos unitarios que rexerán os contratos derivados que se podan adjudicar durante a súa vixencia, sen nova licitación. A contía total dos servizos que se vaian a prestar ao abeiro deste Acordo Marco non se pode definir con exactitude ao tempo de celebralo, por estar subordinada ás necesidades da Administración.

Tramitación dos contratos baseados no acordo marco:

Cada contrato baseado deberá iniciarse cun informe proposta do servizo xestor, co visto e prace do 7º deputado/a delegado/a correspondente, determinando a necesidade concreta e o importe. Se dito contrato se realiza ao abeiro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, deberá observar as especialidades establecidas na cláusula 3 deste prego, e verificar a ausencia de dobre financiación do contrato.

O informe-proposta remitirase a Intervención para que informe da existencia de crédito. Posteriormente, adjudicarase polo órgano de contratación correspondente en función das bases de execución do orzamento.

No acordo de aprobación e adjudicación do contrato baseado no acordo marco deberá recollerse a autorización e disposición ou compromiso deste gasto. Unha vez trasladado a Intervención contabilizarase a fase de disposición do gasto “A” e “D”.

O prazo de vixencia será de catro anos, contado desde a data da súa formalización.

O prazo de duración dos contratos baseados no acordo marco indicarse en cada contrato baseado, así como, no seu caso, os prazos parciais de cada un dos fitos de execución do contrato.

O acordo marco non supón obriga económica ningunha para a Deputación de Pontevedra, xa que as obrigas económicas serán as que resulten dos contratos baseados que se adjudiquen ao abeiro deste Acordo marco, que se axustarán aos prezos máximos previstos no prego, axustados, no seu caso, á oferta da empresa parte do Acordo Marco.

No en tanto, a efectos informativos, establécese un orzamento máximo estimado de 3.080.280,05 € para o conxunto de contratos baseados que se poidan adjudicar durante a vixencia do Acordo Marco, que se adecúa aos prezos do mercado, e desagrega conforme ao seguinte detalle:

Lote 1. Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables.

Orzamento sen IVE	812.744,67 €
IVE(21%)	170.676,38 €
Orzamento máximo estimado	983.421,05 €

Lote 2. Proxectos de enxeñaría civil e arquitectura.

Orzamento sen IVE	951.570,25 €
IVE(21%)	199.829,75 €
Orzamento máximo estimado	1.151.400,00 €

Lote 3. Proxectos de novas tecnoloxías.

Orzamento sen IVE	223.195,04 €
IVE(21%)	46.870,96 €
Orzamento máximo estimado	270.066,00 €



Lote 4. Proxectos sociais, benestar e saúde.

Orzamento sen IVE	275.342,98 €
IVE(21%)	57.822,02 €
Orzamento máximo estimado	333.165,00 €

Lote 5. Emprego, desenvolvemento local e función pública.

Orzamento sen IVE	282.833,06 €
IVE(21%)	59.394,94 €
Orzamento máximo estimado	342.228,00 €

Prezos unitarios de licitación:

Lote	Prezo total de licitación do lote (P)
Lote 1. Proxectos do medio natural, cambio climático, eficiencia enerxética e de enerxías renovables.	812.744,67 €
Lote 2. Proxectos de enxeñaría civil e arquitectura.	951.570,25 €
Lote 3. Proxectos de novas tecnoloxías.	223.195,04 €
Lote 4. Proxectos sociais, benestar e saúde.	275.342,98 €
Lote 5. Emprego, desenvolvemento local e función pública.	282.833,06 €

Para cada unha das fases definidas no prego de prescricións técnicas, establécense distintos prezos unitarios de licitación en función de tramos de orzamento do proxecto obxecto do servizo. Ditos prezos unitarios de licitación (tarifa honorarios) compóñense dunha porcentaxe aplicable sobre o orzamento do proxecto máis un elemento fixo, e son os seguintes (comúns a todos os lotes):

RANGO ORZ. A XESTIONAR		TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
MAIOR QUE	ATA	PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	1.200,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	0,800%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	0,680%	360,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	0,580%	1.110,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,270%	5.760,00 €

FASE 1 NON EXISTINDO FASE 2 RANGO ORZ. A XESTIONAR		TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
MAIOR QUE	ATA	PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	2.400,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	1,600%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	1,360%	720,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	1,160%	2.220,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,540%	11.520,00 €



FASE 2 EXISTINDO FASE 1			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	4.800,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	3,200%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	2,720%	1.440,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	2,320%	4.440,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	1,080%	23.040,00 €

FASE 2 NON EXISTINDO FASE 1			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	6.000,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	4,000%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	3,400%	1.800,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	2,900%	5.550,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	1,350%	28.800,00 €

FASE 3			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	6.000,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	4,000%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	3,400%	1.800,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	2,900%	5.550,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	1,350%	28.800,00 €

FASE 4			
RANGO ORZ. A XESTIONAR			
MAIOR QUE	ATA	TARIFA HONORARIOS (prezos unitarios de licitación)	
		PORCENTAXE ORZAMENTO	FIXO
0,00 €	150.000,00 €	0%	1.800,00 €
150.000,00 €	300.000,00 €	1,200%	0,00 €
300.000,00 €	750.000,00 €	1,020%	540,00 €
750.000,00 €	1.500.000,00 €	0,870%	1.665,00 €
1.500.000,00 €	15.000.000,00 €	0,405%	8.640,00 €



En todo caso, nos prezos indicados, inclúense os gastos de persoal, dietas e desprazamentos, material funxible, amortización e funcionamento das instalacións, equipos e medios de transporte, consumo e, en xeral, todos os necesarios para o correcto desenvolvemento dos traballos descritos no Prego de Prescricións Técnicas, así como todos os impostos e os gastos derivados da colaboración na labor de difusión da imaxe e edición de documentos informativos.

O valor estimado do acordo marco é de 3.054.823,20 €.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: FFAVNC1H2YNDU9I8) e de prescricións técnicas (CSV: A2AE2TOVJXN6NIN4) que rexerán dita contratación.

3.- Con carácter previo á tramitación do acordo marco non se aproba un orzamento base de licitación, de conformidade co artigo 100.3 da LCSP.

A autorización e disposición e compromiso do gasto realizarase coa aprobación e adxudicación do correspondente contrato baseado no acordo marco, previa certificación da existencia de crédito axeitado e suficiente na correspondente aplicación.

Os contratos baseados no presente acordo marco serán financiados no seu día e nas correspondentes anualidades, con cargo á/s aplicación/s orzamentaria/s que corresponda/n segundo o centro xestor de que se trate, e dentro do proxecto de gasto que proceda, ben sexa do vixente orzamento provincial de 2022 ou de exercicios futuros, debendo realizarse previamente a respectiva tramitación e solicitude de existencia de crédito antes da súa adxudicación.

No caso de tratarse de anualidades futuras, o gasto quedará condicionado á aprobación do/s seu/s respectivo/s orzamento/s e á existencia de crédito adecuado e suficiente no/s mesmo/s.

4.- Nomear responsable do Acordo Marco a Marina Piñeiro Novo, xefa do servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, contado desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

19.31895.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA NORFORMACIÓN, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES 1, 6 E 9 DO CONTRATO RELATIVO AO SERVIZO DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO “TIC EMPRENDES (EXP.349-299226), COFINANCIADO POLO FSE NO MARCO DO PROXECTO DE EMPREGO XUVENIL (AXUDAS EM-POEJ)” (Expte. 2020008068). (Devogaran 2022038792)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 08 de xaneiro de 2021 (CSV.- GCKCX7RQMXTJR87I), adxudicouse, entre outros asuntos, o contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto TIC EMPRENDES, co-financiado polo, no marco do proxecto de emprego xuvenil axudas EM-POEJ*”.



Para responder da realización dos lotes 1, 6 e 9 deste servizo, a entidade financeira *Norformación, S.L.* (CIF.- B-36.343.218), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos seguintes importes:

Empresa	Lote	Denominación	Importe
NORFORMACION, S.L. (B-36993509)	01	Aplicacións móbiles (APPs)	4.286,25€
	06	Organización e xestión de almacéns	
	09	DJ Intensivo	

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cooperación no cal se informa favorablemente ao expediente de devolución das garantías constituídas pola empresa *Norformación, S.L.*, para participar no contrato indicado nos parágrafos anteriores (Lotes 1, 6 e 9), polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución das garantías definitivas constituídas ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións por parte da entidade financeira *Norformación, S.L.*, dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e nos que igualmente informa favorablemente ás devolucions das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto TIC EMPRENDES, co-financiado polo, no marco do proxecto de emprego xuvenil axudas EM-POEJ*” (Expte.2020008068), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva constituída pola entidade financeira *Norformación, S.L.*, por resultar adxudicataria dos lotes 1, 6 e 9 de dito contrato e que é a seguinte:

- o A garantía definitiva constituída en metálico, por importe de catro mil douscentos oitenta e seis euros con vinte e cinco céntimos (4.286,25 €), para responder do contrato de “*Servizo de formación no marco do proxecto TIC EMPRENDES, co-financiado polo, no marco do proxecto de emprego xuvenil axudas EM-POEJ*” (Lotes 1, 6 e 9), que foi depositada na Tesourería Provincial o 23/12/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000232408.



20.31896.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA ACADEMIA TRINIDAD, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES 4 E 10 DO CONTRATO RELATIVO AO SERVIZO DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO “TIC EMPRENDES (EXP. 349-299226), COFINANCIADO POLO FSE NO MARCO DO PROXECTO DE EMPREGO XUVENIL (AXUDAS EM-POEJ)” (Expte. 2020008068). (Devogaran 2022038793)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 8 de xaneiro de 2021 (CSV.- GCKCX7RQMXTJR87T), adjudicouse, entre outros asuntos, o contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto TIC EMPRENDES, co-financiado polo, no marco do proxecto de emprego xuvenil axudas EM-POEJ*”.

Para responder da realización dos lotes 4 e 10 deste servizo, a entidade financeira *Academia Trinidad, S.L. -Big Formación-* (CIF.- B-32.379.125), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos seguintes importes:

Empresa	Lote	Denominación	Importe
ACADEMIA TRINIDAD, S.L. -BIG FORMACIÓN- (B-36993509)	04	Creación e xestión de tendas ONLINE	749,90€
	10	Contidos dixitais: imaxe, vídeo e videoxogos	750,00€

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cooperación no cal se informa favorablemente ao expediente de devolución das garantías constituídas pola empresa *Academia Trinidad, S.L. -Big Formación-*, para participar no contrato indicado nos parágrafos anteriores (Lotes 4 e 10), polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución das garantías definitivas constituídas ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións por parte da entidade financeira *Academia Trinidad, S.L. -Big Formación-*, dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e nos que igualmente informa favorablemente ás devolucións das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto TIC EMPRENDES, co-financiado polo, no marco do proxecto de emprego xuvenil axudas EM-POEJ*” (Expte.2020008068), sen que existan obrigas pendentes.



SEGUNDO.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade financeira *Academia Trinidad, S.L. -Big Formación-*, por resultar adxudicataria dos Lotes 4 e 10 de dito contrato e que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de setecentos corenta e nove euros con noventa céntimos (749,90 €), para responder do contrato de “Servizo de formación no marco do proxecto TIC EMPRENDES, co-financiado polo, no marco do proxecto de emprego xuvenil axudas EM-POEJ (Lote 4)”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 30/12/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000232470.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de setecentos cincuenta euros (750,00 €), para responder do contrato de “Servizo de formación no marco do proxecto TIC EMPRENDES, co-financiado polo, no marco do proxecto de emprego xuvenil axudas EM-POEJ (Lote 10)”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 30/12/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000232468.

21.31897.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA, CONSTITUÍDA POLA EMPRESA LIDERA KNOWLEDGE, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS LOTES 7 E 8 DO CONTRATO RELATIVO AO SERVIZO DE FORMACIÓN NO MARCO DO PROXECTO “TIC EMPRENDES (EXP. 349-299226), COFINANCIADO POLO FSE NO MARCO DO PROXECTO DE EMPREGO XUVENIL (AXUDAS EM-POEJ)” (Expte. 2020008068). (Devogaran 2022038794)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 08 de xaneiro de 2021 (CSV.- GCKCX7RQMXTJR87I), adxudicouse, entre outros asuntos, o contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto TIC EMPRENDES, co-financiado polo, no marco do proxecto de emprego xuvenil axudas EM-POEJ*”.

Para responder da realización dos lotes 7 e 8 deste servizo, a entidade financeira LIDERA KNOWLEDGE (CIF.- B-27.821.305), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos seguintes importes:

Empresa	Lote	Denominación	Importe
LIDERA KNOWLEDGE, S.L. (B-27821305)	07	Marketing dixital: estratexia SEO, SEM, redes sociais e análise de tráfico web	1.521,60€
	08	Guía por itinerarios en bicicleta	2.140,00€

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Cooperación no cal se informa favorablemente ao expediente de devolución das garantías constituídas pola empresa *Lidera Knowledge, S.L.*, para participar no contrato indicado nos parágrafos anteriores (Lotes 7 e 8), polo que pode procederse a ditar o oportuno acto de devolución das garantías definitivas constituídas ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións por parte da entidade financeira LIDERA KNOWLEDGE, S.L., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e nos que igualmente informa favorablemente ás devolucións das mesmas.



Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato relativo a “*Servizo de formación no marco do proxecto TIC EMPRENDES, co-financiado polo, no marco do proxecto de emprego xuvenil axudas EM-POEJ*” (Expte.2020008068), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas constituídas pola entidade financeira LIDERA KNOWLEDGE, S.L., por resultar adjudicataria dos Lotes 7 e 8 de dito contrato e que son as seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de ABANCA, por importe de mil cincocentos vinte e un euros con sesenta céntimos (1.521,60 €), para responder do contrato de “*Servizo de formación no marco do proxecto TIC EMPRENDES, co-financiado polo, no marco do proxecto de emprego xuvenil axudas EM-POEJ (Lote 7)*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 22/12/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000228861.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de ABANCA, por importe de dous mil cento corenta euros (2.140,00 €), para responder do contrato de “*Servizo de formación no marco do proxecto TIC EMPRENDES, co-financiado polo, no marco do proxecto de emprego xuvenil axudas EM-POEJ (Lote 8)*”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 22/12/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000228864.

22.31898.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS DEFINITIVAS CONSTITUÍDAS POLA EMPRESA ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DOS CONTRATOS DERIVADOS NÚMEROS 27, 30, 34, 57 E 60 DO ACORCO MARCO QUE REGULA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA REDACCIÓN DE PROXECTOS DE URBANIZACIÓN, RE-URBANIZACIÓN, ACCESIBILIDADE E RECUPERACIÓN DOS ESPAZOS PÚBLICOS NA REDE DE ESTRADAS PROVINCIAIS DE PONTEVEDRA. (Expte.2017003642) (Devogaran 2021030624)

Por acordo da Xunta de Goberno, celebrada na súa sesión ordinaria de data 10 de novembro de 2017 (Nº Rexistro 2017021021, de data 16/11/2017), adoptouse, entre outros asuntos, a adjudicación do Acordo Marco para regular a contratación do servizo de “*Asistencia técnica para redacción de proxectos de urbanización, re-urbanización, accesibilidade e recuperación dos espazos públicos na rede de estradas provinciais de Pontevedra*” (Expte. 2017003642).



Para responder da realización dos CD números 27, 30, 34, 57 e 60 relativos a este servizo, a empresa *Estudio Técnico Gallego, S.A.* (CIF.- A-15.093.081), constituíu na Tesourería desta Deputación, unhas fianzas definitivas polos importes equivalente ao 5% dos prezos de adxudicación, polos seguintes importes:

Empresa	Cd	Importe	Carta pago	Data
ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A. (A-15093081)	27	1.117,50€	201800138306	07/08/2018
	30			
	34			
	57	375,00€	202000103004	10/06/2020
	60	235,00€	202000184237	16/10/2020

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido polo Servizo de Infraestruturas no cal establece que dita empresa cumpriu satisfactoriamente co obxecto dos contratos derivados anteriormente relacionados, polo que procede a devolución das fianzas constituídas ao efecto.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da empresa *Estudio Técnico Gallego, S.A.*, dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación dos Contratos Derivados números 27, 30, 34, 57 e 60 do Acordo Marco convocado para regular a contratación do “*Servizo de asistencia técnica para redacción de proxecto de urbanización, re-urbanización, accesibilidade e recuperación dos espazos públicos na rede de estradas provinciais de Pontevedra*” (Expte. Núm. 2017003642), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución da garantías definitivas constituídas pola empresa *Estudio Técnico Gallego, S.A.*, por resultar adxudicataria de ditos Contratos Derivados que son os seguintes:

- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de BANCO SABADELL por importe de mil cento dezasete euros con cincuenta céntimos (1.117,50 €), para responder dos Contratos Derivados números 27, 30 e 34”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 07/08/2018, segundo mandamento de ingreso con número de operación 201800138306.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de BANCO SABADELL por importe de trescentos setenta e cinco euros (375,00 €), para responder do Contrato Derivado número 57”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 10/06/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000103004.
- o A garantía definitiva constituída en valores, mediante aval de BANCO SABADELL por importe de douscentos trinta e cinco euros (235,00 €), para responder do Contrato Derivado número 60”, que foi depositada na Tesourería Provincial o 16/10/2020, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202000184237.



23.31899.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

a) Vista a relación de facturas con número 2022043173, que contén 18 facturas e por un importe de 52.546,82 € e con CSV: I18D75EDZKLZNR9K, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 16 de xuño de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	52.546,82 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	0,00 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	52.546,82 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.

a) Vista a relación de facturas con número 2022043362, que contén 15 facturas e por un importe de 12.077,29 € e con CSV: SADXDKCE3PC0I7EA, e visto o informe que formula a Intervención desta Deputación, de data 17 de xuño de 2022, e os xefes de servizo ou responsables dos centros Xestores no que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, e que necesitan a súa aprobación polo sistema de recoñecemento extraxudicial de créditos, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia coa seguinte estrutura económica:

Importe total.....	11.509,70 €
Descontos do IRPF.....	0,00 €
Descontos do IVE soportado deducible.....	567,59 €
Descontos do honorarios técnicos externos.....	0,00 €
Outros descontos.....	0,00 €
Total líquido.....	12.077,29 €

Pola Presidenta maniféstase que asina con disconformidade e por imperativo legal, pois está en contra dos recoñecementos extraxudiciais de crédito. Manifesta que a partir de agora só se aprobarán recoñecementos extraxudiciais de créditos de xeito extraordinario por razóns non previsibles.



24.31900.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.

25.31901.-ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar pola Sra. Presidenta, sendo as once horas e vinte minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina a Ilma. Sra. Presidenta, comigo, o Secretario que dou fe.

